

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 19 DE MAIO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTE:

D^a Patricia Esther Espiñeira Galán

INTERVENTORA ACCIDENTAL:

D^a Sonia Machín Herranz

SECRETARIA XERAL:

D^a. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e tres minutos do día dezanove de maio do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D^a Patricia Esther Espiñeira Galán.

Asiste á sesión a interventora accidental, D^a Sonia Machín Herranz e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 12 DE MAIO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 12 de maio de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./a concelleiros/a asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 12 de maio de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local, Ministerio de Facenda, pola que se establecen instrucións relativas ao calendario de aplicación dos procedementos para financiar a cancelación de

obrigas pendentes de pagamento a provedores de determinadas entidades locais, previstos no Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos de 11 de maio de 2026, así como diversos aspectos relacionados co contido dos planes de axuste e a súa posible revisión no ámbito de ditos procedementos. BOE número 119, de 16-05-2026.

- Augas de Galicia, Resolución de 4 de maio de 2026, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos e en entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas nun 70% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Galicia Feder 201-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 con carácter plurianual (código de procedemento AU301E). DOG número 90, de 18-05-2026.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área do día 8 ao 14 de maio 2026, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 349/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 377/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
349/2026	08-05-2026	Asignar temporalmente ao coordinador de Actividades Culturais e Educativas, JLMN, as funcións e tarefas propias do posto de traballo de coordinador de Servizos Sociais durante o período de baixa por incapacidade temporal da titular
350/2026	08-05-2026	Nomear a IPP como administrativa interina adscrita oa departamento de Servizos Sociais, encadrado na escala de Administración Xeral, Subescala administrativo, "C-1" para a execución do programa de carácter temporal POS+AD 1/2026 subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña e de duración ata o 31 de decembro de 2026, Nomear a MJVL como administrativa interina adscrita oa departamento de Servizos Sociais, encadrado na escala de Administración Xeral, Subescala administrativo, "C-1" para a execución do programa de carácter temporal POS+AD 1/2026 subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña e de duración ata o 31 de decembro de 2026
351/2026	08-05-2026	Acceder parcialmente ao solicitado e remitirille a MDPL a copia da documentación solicitada
352/2026	08-05-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta Goberno Local do día 12 de maio de 2026
353/2026	08-05-2026	Conceder a autorización para exercer a venda ambulante en posto desmontable, nos seguintes termos: - O lugar para desenvolver a venda: será o espazo anexo á estrada Cambre- O Temple antes da estación de servizo de Carbugal. Solicitante: VRMH
354/2026	11-05-2026	Acceder ao solicitado e remitirille a JGL a copia da documentación: - Certificado do acordo adoptado polo Pleno municipal en data de 5

		de setembro de 2019
355/2026	11-05-2026	Conceder a licenza a para a construción dunha vivenda unifamiliar a situar no lugar de Estorrentada, parroquia de Cambre. Solicitante: AFP
356/2026	11-05-2026	Estimar a solicitude de devolución de ingresos indebidos formulada da taxa por expedición de certificados de cualificación urbanística por improte de 39,85 euros correspondendo 4,85 euros aos intereses legais xerados. Realizar a devolución de ingresos indebidos mediante pago por transferencia bancaria. Solicitante: M ^a LGG
357/2026	11-05-2026	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: CPP
358/2026	11-05-2026	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: MMMF
359/2026	11-05-2026	Iniciar expediente de orde de execución a MCC para a roza da maleza e a erradicación dos plumachos existentes na finca sita en Samosteiro, Cambre de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
360/2026	11-05-2026	Acceder ao solicitado e remitirle a MDPL a documentación relativa ao procedemento de dilixencias preliminares Nº B29/2025 que consta nas dependencias municipais a partir da data 13.05.2025
361/2026	11-05-2026	Aprobar o aboamento da nómina proporcional e complementaria correspondente ao mes de abril de 2026 de MNP por importe de 98,15 €
362/2026	12-05-2026	Tomar coñecemento de que o cadáver MCG falecida o día 15 de abril de 2026, foi inhumado na urna central sinalada co número 44, letra A do cemiterio municipal de Cambre en data 16 de abril de 2026
363/2026	12-05-2026	Tomar coñecemento de que as cinzas de CVG, falecida o día 24 de abril de 2026, foron depositadas na urna perimetral sinalada co número 61, letra D do cemiterio municipal de Cambre en data 25 de abril de 2026
364/2026	12-05-2026	Tomar coñecemento de que o cadáver de FVS falecido o día 18 de marzo de 2026, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 94, letra B no cemiterio municipal de Cambre en data 19 de marzo de 2026
365/2026	12-05-2026	Arquivar o expediente de reposición da legalidade urbanística incoado a JRA e MDRA pola realización de actos consistentes na rehabilitación dun muro de pedra que delimita un camiño privado sen título habilitante municipal en finca sita en Sobrecarreira, Sigrás, Cambre ao terse regularizado os actos denunciados mediante a

		comunicación previa de obras
366/2026	12-05-2026	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de EVdeLI para a roza da maleza, recorte das tuias colocadas ao longo do perímetro da finca e tala e retirada das árbores que se encontren a menos de 50 metros de edificacións colindantes, na finca sita en Pena da Nosa Señora, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
367/2026	12-05-2026	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a adopción de acordo da aprobación de Plan de Traballo, Plan de Seguridade e Saúde así como o Plan de Xestión de Residuos da obra denominada Ordenación y urbanización espacio público en el entorno del apeadero de Cecebre. Aprobar o Programa de Traballo, o Plan de Seguridade e Saúde así como o Plan de Xestión de Residuos presentados pola empresa "Excavaciones y Canalizaciones Conde, S.L.", para a execución da obra denominada "Ordenación y urbanización espacio público en el entorno del apeadero de Cecebre
368/2026	12-05-2026	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de JSA, MJMD, MIDA, MSDA, CMDA, JRDA, MdelCDG, JDG, SDG e ADG para a limpeza da maleza e a poda das pólas das árbores existentes na finca sita en Nebrixo, Bribes, Cambre e que está a invadir a vía pública e afectando a infraestruturas eléctricas, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
369/2026	12-05-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
370/2026	12-05-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: FJSL
371/2026	13-05-2026	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de traballadores/as sociais de carácter interino cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
372/2026	13-05-2026	Aprobar a lista provisional de admitidos/excluídos dunha relación de candidatos para a cobertura do posto de funcionario/a interino/a de educador/a social, encadrado na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnico/a medio/a, pertencentes ao subgrupo "A2"
373/2026	13-05-2026	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo obxecto é a contratación da redacción do proxecto básico e de execución da actuación denominada "Reparación de obra de drenaxe transversal no regato Frais na estrada municipal do igresario de Cecebre, Cambre (A Coruña)". Adxudicar o contrato menor á empresa "Organización y Gestión de Proyectos y Obras S.L.", no prezo ofertado de 2.950,00 € sen IVE (3.569,50€, IVE engadido) por ser a empresa que fixo a oferta económica máis vantaxosa atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo
374/2026	14-05-2026	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de

		Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas nas datas entre o 1 e o 31 de outubro de 2025, isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
375/2026	14-05-2026	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 4 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Riveiriña, parroquia de Bribes. Solicitante: UFD DE, S.A.
376/2026	14-05-2026	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, das persoas nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de outubro de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
377/2026	14-05-2026	Conceder a licenza para o cambio de uso do local comercial sito na rúa Maria Mariño, O Temple, a vivenda e para as obras de adecuación correspondentes. Solicitante: TVyAF, CB

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen, unha vez concedido, manifesta que quere facer dúas preguntas:

- Respecto da reunión co xefe de Educación, pregunta se se acordou algo.

A Sra. presidenta intervén e manifesta que xa teñen para iniciar os baños de Lema e a porta de entrada, así como a tubaxe no CEIP Portofaro; que se incluíron outras reparacións como as ventás do CEIP Torrente Ballester; que tamén farán unhas reparacións no Alfonso X; que tamén lle comentou que dispoñen dunha partida para resolver cousas pequenas, pequenos amaños.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Castro Uzal quen, unha vez concedido, pregunta polos canalóns do Temple; ao que a Sra. presidenta manifesta que a súa intención é levalo alí para que o vexa e, se pode, solucionalo.

A seguir, o Sr. Castro Uzal pregunta se as Anpas saben algo.

A Sra. presidenta intervén e manifesta que falou coa Anpa de Lema; respecto do Portofaro di que vai a esperar a que digan cando comezan as obras.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen, unha vez concedido, pregunta respecto da noticia que se publicou a fin de semana do Servizo de Axuda no Fogar.

A Sra. presidenta intervén e manifesta que o venres falou co xerente e, en ningún momento, lle mencionou o que ía pasar a fin de semana; que onte volveu a falar con el e que lle dixo que ten que prestar o servizo aos usuarios sen que quepa ningunha xustificación.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo